

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AMES

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos complementarios educativos e de conciliación de vida familiar e laboral do Concello de Ames

ANUNCIO

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos complementarios educativos e de conciliación de vida familiar e laboral Concello de Ames

En sesión plenaria celebrada o 30 de novembro de 2017 prestouse aprobación provisional á modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos complementarios educativos e de conciliación de vida familiar e laboral do Concello de Ames.

Dito acordo de aprobación provisional foi sometido a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, no Boletín Oficial da Provincia núm. 234, de 12 de decembro de 2017, e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, sen que durante o referido prazo fora presentada ningunha reclamación.

De conformidade ao acordo plenario de 30 de novembro de 2017, ao non terse presentado ningunha reclamación durante o prazo de exposición pública, o acordo de aprobación provisional quedou elevado a definitivo de forma automática.

En cumprimento do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, faise público o texto da modificación da ordenanza fiscal definitivamente aprobada.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS EDUCATIVOS E DE CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL

ARTIGO 1.-FUNDAMENTO LEGAL.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19, en relación co artigo 20 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Ames establece a taxa pola prestación de servizos complementarios educativos e de conciliación da vida familiar e laboral.

ARTIGO 2.-FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe os feitos impoñibles da taxa:

A. A actividade municipal administrativa necesaria para a verificación da documentación aportada e organización do servizo no que se matricula (incluído a renovación da matricula do curso anterior).

B. A prestación dos servizos públicos complementarios educativos e de conciliación da vida familiar e laboral:

I) segundo o recollido no seu regulamento

- “Rede municipal de comedores Escolares”
- “Bos Días Cole”
- “Tardes Divertidas”

II) outras ofertas educativas e de ocio concibidas para conciliar a vida laboral e familiar que son unha alternativa que ocupe o tempo de lecer dos nenos e nenas dun xeito divertido e educativo.

1. “Programas Lúdicos” , este programas desenvolveranse nas vacacións escolares de Nadal, Entroido, Primavera, Xuño e Setembro, de luns a venres, agás festivos.

2. “Escola de Verán”, este programa desenvólvese nos meses de xullo e agosto, de luns a venres, agás festivos.

ARTIGO 3.-SUXEITOS PASIVOS.

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas que resulten beneficiadas ou afectadas pola actividade administrativa ou servizo que constitúe o seu feito impositivo. En consecuencia, as/os nais/pais dos nenos e das nenas en situación de alta nos servizos sinalados no artigo anterior, no seu defecto, os/as familiares ou titores/as legais a quen corresponda o exercicio da patria potestade.

ARTIGO 4.-RESPONSABLES.

Responderán solidaria e subsidiariamente da débeda tributaria deste tributo as persoas ou entidades ás que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria, de acordo co previsto neles.

ARTIGO 5.-BENEFICIOS FISCAIS.

5.1.-Establécense bonificación ás cotas para os usuarios fixos dos servizos “Comedores Escolares”, “Bos Días Cole”, “Tardes Divertidas”, agás o servizo administrativo de matrícula e para os “Programas Lúdicos” e “Escola de Verán”.

a) Bonificación do 100% das taxas, nos casos de emerxencia social, que contén con resolución do Concello de Ames, tendo en conta o previsto no artigo 11.7 da Ordenanza Fiscal Xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público do Concello de Ames e o regulamento de emerxencia social do Concello de Ames.

b) Bonificación do 50% das taxas para familia numerosa de categoría especial, segundo a súa definición contemplada na Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

c) Bonificación do 20% das taxas para familias de especial consideración, agás as familias numerosas de categoría especial, de acordo coa definición e requisitos establecidos na Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

5.2.-A excepción do indicado para o caso das emerxencias sociais, será requisito previo para a concesión dunha bonificación ou exención tributaria que o suxeito pasivo beneficiario non teña débedas pendentes do pagamento co Concello, nos termos establecidos na ordenanza fiscal xeral.

5.3.-A solicitude de bonificación de taxas deberá facerse por escrito, coa que se presentará copia cotexada do documento de identidade vixente do/a solicitante. Para o caso de bonificación por emerxencia social a documentación acreditativa desa situación será remitida polo departamento de servizos sociais, previa solicitude do interesado, e para o resto dos casos aportárase documentación que acredite a condición de Familia numerosa de categoría especial ou de familias de especial consideración.

5.4.-O prazo de presentación:

a) No caso dos servizos denominados “Rede municipal de comedores Escolares”, “Bos Días Cole” e “Tardes Divertidas”: no prazo de renovación ou matrícula (segundo proceda)

b) No caso dos servizos denominados “Programas Lúdicos” e “Escola de Verán”: no prazo de inscrición.

c) En caso de presentar solicitudes de bonificación fóra dos prazos antes indicados, de resolverse a súa concesión:

1. No caso dos servizos denominados “Rede municipal de comedores Escolares”, “Bos Días Cole” e “Tardes Divertidas”, a bonificación terá efectos dende o primeiro día do mes seguinte a aquel no que foi solicitado.
2. No caso dos servizos denominados “Programas Lúdicos” e “Escola de Verán”, a bonificación terá efectos dende o día da solicitude.

5.5.-As bonificacións reguladas neste artigo son incompatibles entre si.

ARTIGO 6.-COTA TRIBUTARIA.**A. Rede Municipal de Comedores Escolares.****A.1. Os usuarios/as fixos/as.**

A.1.a) Formalización da matrícula: 12,00 € alumno/a.

A.1.b) Cota tributaria en función do criterio de capacidade económica e da frecuencia de utilización:

	Frecuencia	De 0 a 25% IPREM	> 25% ata 50% IPREM	> 50% ata 75% IPREM	> 75% ata 100% IPREM	> 100% ata 150% IPREM	> 150% ata 200% IPREM	> 200% IPREM
Usuarios fixos	1 día/semána	- €	10,00 €/mes	20,00 €/mes	21,00 €/mes	24,00 €/mes	28,00 €/mes	32,00 €/mes
	2 días/semána	- €	20,00 €/mes	40,00 €/mes	42,00 €/mes	48,00 €/mes	55,00 €/mes	65,00 €/mes
	3 días/semána	- €	30,00 €/mes	60,00 €/mes	64,00 €/mes	72,00 €/mes	85,00 €/mes	95,00 €/mes
	4 días/semána	- €	35,00 €/mes	70,00 €/mes	75,00 €/mes	85,00 €/mes	100,00 €/mes	110,00 €/mes
	5 días/semána	- €	35,00 €/mes	70,00 €/mes	75,00 €/mes	85,00 €/mes	100,00 €/mes	110,00 €/mes

A.2. Os usuarios ocasionais terán de cota 6 € por día.

B. Programa Bos Días Cole

B.1. Os usuarios/as fixos/as

B.1.a) Formalización da matrícula: 12,00 € alumno/a.

B. 1.b) Cota tributaria en función do criterio de capacidade económica e da frecuencia de utilización, para o servizo **BOS DÍAS COLE (BÁSICO)**

	Frecuencia	De 0 a 25% IPREM	> 25% ata 50% IPREM	> 50% ata 75% IPREM	> 75% ata 100% IPREM	> 100% ata 150% IPREM	> 150% ata 200% IPREM	> 200% IPREM
Usuarios fixos	1 día/semana	- €	4,00 €/mes	8,00 €/mes	8,50 €/mes	10,00 €/mes	11,00 €/mes	12,00 €/mes
	2 días/semana	- €	8,00 €/mes	16,00 €/mes	17,00 €/mes	19,00 €/mes	23,00 €/mes	24,00 €/mes
	3 días/semana	- €	12,00 €/mes	24,00 €/mes	25,00 €/mes	28,00 €/mes	34,00 €/mes	36,00 €/mes
	4 días/semana	- €	15,00 €/mes	30,00 €/mes	32,00 €/mes	36,00 €/mes	42,00 €/mes	45,00 €/mes
	5 días/semana	- €	15,00 €/mes	30,00 €/mes	32,00 €/mes	36,00 €/mes	42,00 €/mes	45,00 €/mes

B. 1.c) Cota tributaria en función do criterio de capacidade económica e da frecuencia de utilización, para o servizo **BOS DÍAS COLE (BÁSICO+ ALMORZO)**

	Frecuencia	De 0 a 25% IPREM	> 25% ata 50% IPREM	> 50% ata 75% IPREM	> 75% ata 100% IPREM	> 100% ata 150% IPREM	> 150% ata 200% IPREM	> 200% IPREM
Usuarios fixos	1 día/semana	- €	5,00 €/mes	10,00 €/mes	10,50 €/mes	12,00 €/mes	14,00 €/mes	15,00 €/mes
	2 días/semana	- €	10,00 €/mes	20,00 €/mes	21,00 €/mes	24,00 €/mes	28,00 €/mes	30,00 €/mes
	3 días/semana	- €	15,00 €/mes	30,00 €/mes	32,00 €/mes	36,00 €/mes	42,50 €/mes	45,00 €/mes
	4 días/semana	- €	20,00 €/mes	40,00 €/mes	42,00 €/mes	48,00 €/mes	57,00 €/mes	60,00 €/mes
	5 días/semana	- €	20,00 €/mes	40,00 €/mes	42,00 €/mes	48,00 €/mes	57,00 €/mes	60,00 €/mes

B.2. Os usuarios por quenda terán as seguintes cotas:

B.2.a) Formalización da matrícula: 12,00 € alumno/a.

B.2.b) para o servizo **BOS DÍAS COLE (BÁSICO)** de cota 2,5 € por día.

B.2.c) para o servizo **BOS DÍAS COLE (BÁSICO+ ALMORZO)** de cota 3 € por día.

B.3. Os usuarios ocasionais terán as seguintes cotas:

B.3.a) para o servizo **BOS DÍAS COLE (BÁSICO)** de cota 2,5 € por día.

B.3.b) para o servizo **BOS DÍAS COLE (BÁSICO+ ALMORZO)** de cota 3 € por día.

C. Programa Tardes Divertidas

C.1. Os usuarios/as fixos/as

C.1.a) Formalización da matrícula: 12,00 € alumno/a.

C.1.b) Cota tributaria en función do criterio de capacidade económica e da frecuencia de utilización, para o servizo **TARDES DIVERTIDAS (BÁSICO + MERENDA)**

	Frecuencia	De 0 a 25% IPREM	> 25% ata 50% IPREM	> 50% ata 75% IPREM	> 75% ata 100% IPREM	> 100% ata 150% IPREM	> 150% ata 200% IPREM	> 200% IPREM
Usuarios fixos	1 día/semana	- €	6,00 €/mes	12,00 €/mes	13,00 €/mes	14,50 €/mes	17,00 €/mes	18,00 €/mes
	2 días/semana	- €	12,00 €/mes	24,00 €/mes	26,00 €/mes	29,00 €/mes	34,00 €/mes	36,00 €/mes
	3 días/semana	- €	18,00 €/mes	36,00 €/mes	39,00 €/mes	43,00 €/mes	51,00 €/mes	54,00 €/mes
	4 días/semana	- €	25,00 €/mes	50,00 €/mes	54,00 €/mes	60,00 €/mes	71,00 €/mes	75,00 €/mes
	5 días/semana	- €	25,00 €/mes	50,00 €/mes	54,00 €/mes	60,00 €/mes	71,00 €/mes	75,00 €/mes

C.1.c) Cota tributaria en función do criterio de capacidade económica e da frecuencia de utilización, para o servizo **TARDES DIVERTIDAS (BÁSICO + MERENDA)**

	Frecuencia	De 0 a 25% IPREM	> 25% ata 50% IPREM	> 50% ata 75% IPREM	> 75% ata 100% IPREM	> 100% ata 150% IPREM	> 150% ata 200% IPREM	> 200% IPREM
Usuarios fixos	1 día/semana	- €	7,50 €/mes	15,00 €/mes	16,00 €/mes	18,00 €/mes	21,00 €/mes	22,00 €/mes
	2 días/semana	- €	15,00 €/mes	30,00 €/mes	32,00 €/mes	36,00 €/mes	42,00 €/mes	45,00 €/mes
	3 días/semana	- €	22,50 €/mes	45,00 €/mes	48,00 €/mes	54,00 €/mes	63,00 €/mes	65,00 €/mes
	4 días/semana	- €	32,50 €/mes	65,00 €/mes	70,00 €/mes	78,00 €/mes	92,00 €/mes	95,00 €/mes
	5 días/semana	- €	32,50 €/mes	65,00 €/mes	70,00 €/mes	78,00 €/mes	92,00 €/mes	95,00 €/mes

C.2. Os usuarios por quenda terán as seguintes cotas:

C.2.a) Formalización da matrícula: 12,00 € alumno/a.

C.2.b) Para o servizo **TARDES DIVERTIDAS (BÁSICO)** ou **TARDES DIVERTIDAS (BÁSICO + MERENDA)** de cota 4,25 € por día.

C.3. Os usuarios ocasionais para o servizo **TARDES DIVERTIDAS (BÁSICO)** ou **TARDES DIVERTIDAS (BÁSICO + MERENDA)** terán de cota 4,25 € por día.

D. Programas lúdicos:

Horario	Tipo servizo	Completo por día	Por día solto
7.30 - 14.30	Sen almorzo	4,00 €	5,50 €/día
	Con almorzo	5,00 €	6,00 €/día
7.30 - 16.00*	Sen almorzo	11,00 €	13,00 €/día
	Con almorzo	11,50 €	13,50 €/día
9.00 - 14.30	Sen almorzo	2,50 €	3,00 €/día
	Sen almorzo	9,00 €	10,50 €/día

* Nos tramos horarios que rematan ás 16.00 horas inclúese o xantar.

E. Escola de Verán

Horario	Tipo servizo	Quincena			1 mes			2 meses		
		De 0 a 25% IPREM	> 25% a 50% IPREM	>50% IPREM	De 0 a 25% IPREM	> 25% a 50% IPREM	>50% IPREM	De 0 a 25% IPREM	> 25% a 50% IPREM	>50% IPREM
7.30 - 14.30	Básico	- €	37,50 €	75,00 €	- €	57,50 €	115,00 €	- €	100,00 €	200,00 €
7.30 - 14.30	Básico con almorzo	- €	40,00 €	80,00 €	- €	65,00 €	130,00 €	- €	112,50 €	225,00 €
7.30 - 16.00*	Básico	- €	60,00 €	120,00 €	- €	102,50 €	205,00 €	- €	187,50 €	375,00 €
7.30 - 16.00*	Básico con almorzo	- €	62,50 €	125,00 €	- €	107,50 €	215,00 €	- €	200,00 €	400,00 €
9.00 - 14.30	Básico	- €	32,50 €	65,00 €	- €	47,50 €	95,00 €	- €	75,00 €	150,00 €
9.00 - 16.00*	Básico	- €	52,50 €	105,00 €	- €	90,00 €	180,00 €	- €	162,50 €	325,00 €

* Nos tramos horarios que rematan ás 16.00 horas inclúese o xantar.

F. Frecuencias especiais de uso:

F.1. Por usuarios fixos dos programas “Rede Municipal de Comedores Escolares”, “Tardes Divertidas” e “Bos Días Cole”:

En caso de que o Concello autorice frecuencias distintas as concedidas, de forma puntual, a cota tributaria mensual determinarase multiplicando a cota/base diaria para o usuario ocasional polo número de días concedidos, tendo como límite a cota que correspondera por mes completo con frecuencia máxima, bonificada se procedese.

F.2. Por usuarios por quenda nos programas “Bos Días Cole” e “Tardes Divertidas”.

En caso de que o Concello autorice frecuencias distintas as concedidas, de forma puntual, a cota tributaria mensual determinarase multiplicando a cota/base diaria para o usuario ocasional polo número de días concedidos.

F.3. Nos “Programas Lúdicos”.

No caso de que se autorice unha utilización do servizo distinta do programa completo, serán de aplicación os prezos por día solto multiplicado polo número de días concedidos, tendo como límite a cota que correspondera polo programa completo, bonificada se procedese.

F.4. En “Escola de Verán”.

Para os casos excepcionais autorizados onde sexa necesario a aplicación de prezo diario, este será o resultado da división do prezo da quincena co tipo de servizo e tramo correspondente entre o nº de días lectivos da quincena na que sexa de aplicación, tendo como límite a cota que correspondera polo programa completo, bonificada se procedese.

ARTIGO 7.-PERÍODO IMPOSITIVO E NACEMENTO DA OBRIGA DE CONTRIBUÍR.

1.-Para “Rede municipal de Comedores Escolares”, “Bos Días Cole” e “Tardes divertidas”.

a) O período impositivo para os usuarios fixos e os usuarios por quendas será o do curso escolar, agás matrículas con data de inicio posteriores, casos de alta posteriores ao inicio do curso e baixa do servizo anteriores ao remate do curso escolar.

A obriga de contribuír para estes servizos (“Rede municipal de Comedores Escolares”, “Bos Días Cole” e “Tardes divertidas”) nace coa solicitude da matrícula.

No caso de altas nos servizos, con posterioridade ao día 15 do mes, a primeira cota (dende a alta ata o fin de mes) será:

1. De usuarios fixos, a cota/base diaria para o usuario ocasional do servizo polo número de días concedidos, tendo como límite a cota que correspondera por mes completo con frecuencia máxima, bonificada se procedese.
2. De usuarios por quendas, a cota/base diaria para o usuario ocasional do servizo polo número de días concedidos ou polo número de días lectivos que resten ata fin de mes se este fose menor.

No caso de baixas nos servizos, con anterioridade ao día 16, a última cota (dende o día de inicio do mes ata a baixa) será :

3. De usuarios fixos, a que corresponda de acordo coa cota/base diaria para o usuario ocasional do servizo, tendo como límite a cota que correspondera por mes completo, bonificada se procedese.
4. De usuarios por quendas a cota/base diaria para o usuario ocasional do servizo polo número de días concedidos ou polo número de días lectivos (contados ata o día da baixa) se este fose menor.

Os criterios de altas e baixas no servizo, serán aplicables a cambios de frecuencia autorizados polo Concello, para o resto dos casos as cotas serán irredutibles.

En caso de baixa do servizo anterior a finalización do curso escolar, esta terá efectos dende a súa admisión.

b) O período impositivo para os usuarios ocasionais será o de duración do servizo ocasional que se solicite.

A obriga de pagamento nace cando se produza a utilización do servizo

2.–Para “Programas Lúdicos” e “Escola de Verán”, o período impositivo será o solicitado polo beneficiario do servizo segundo os períodos ofertados.

A obriga de contribuír para estes servizos (“Programas Lúdicos” e “Escola de Verán”), nace coa solicitude de inscrición.

En caso de baixa do servizo, os efectos produciranse dende a súa admisión. A solicitude de baixa debe de rexistrarse con 5 días hábiles de antelación ao inicio do programa (sen contar este).

ARTIGO 8.–NORMAS DE XESTIÓN E INGRESO.

Nos servizos de “Rede municipal de Comedores Escolares”, “Bos Días Cole”, “Tardes divertidas”, “Programas Lúdicos” e “Escola de Verán” a solicitude de matrícula ou solicitude de inscrición dos usuarios fixos dará lugar o alta no censo correspondente.

A taxa por formalización da matrícula, nesos servizos, esixirase en réxime de autoliquidación.

Os cobros polo servizos, unha vez aprobadas as liquidacións correspondentes a eses servizos, efectuarase mediante cargo na conta corrente ou libreta de aforros que a persoa solicitante do servizo deberá indicar no momento de formalizar a matrícula ou solicitar a inscrición.

Nos servizos de “Rede municipal de Comedores Escolares”, “Bos Días Cole”, “Tardes divertidas”, os usuarios ocasionais, a taxa polos servizos esixirase en réxime de autoliquidación.

Cando por causas non imputables ao suxeito pasivo, o servizo público ou a actividade administrativa o non se preste, procederá a devolución do importe correspondente

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

O disposto na ordenanza non será de aplicación para os expedientes de matrícula e a prestación dos servizos públicos de “Rede municipal de Comedores Escolares”, “Bos Días Cole”, “Tardes divertidas” correspondentes ao curso académico 2017/2018, nin para os servizos de “Programas Lúdicos” e “Escola de Verán” que teñan lugar ata o 31/08/2018.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno da corporación en sesión do 30/11/2017, entrará en vigor 01/03/2018 previa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata súa modificación ou derogación expresas.”

Ames, 7 de febreiro de 2018.

O alcalde

José M. Miñones Conde